

TEMA 23. A crise da Restauración

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá explicar dende o **Desastre do 98 ata a ditadura de Primo de Rivera**. Afondará nos principais aspectos que inflúen na **desarticulación do sistema canovista**, na **crise de 1917** na súa **tripla dimensión: militar** (formación das Xuntas de Defensa), **social** (folga xeral) e **política** (formación da Asemblea de Parlamentarios) para, a partir da mesma, referirse á **descomposición do goberno parlamentario** e ao **problema de Marrocos** (“desastre de Annual”).

O sistema turnista e corrupto da **Restauración Borbónica** comezou a entrar en crise a finais do XIX, debido a irrupción progresiva de varios problemas ou momentos críticos:

O 1º deles foi o golpe que supuxo para a moral dos españois o chamado **Desastre de 1898**, que foi a perda definitiva das últimas colonias españolas: Cuba, Porto Rico, Filipinas e Guam. Todo comezou en **1895** co chamado Grito de Baire, unha rebelión en Cuba pola independencia. O exército español, reclutado entre as clases máis pobres, estaba mal preparado e armado, e sufriu moitísimas baixas debido ás enfermidades tropicais. Esta debilidade foi aproveitada polos Estados Unidos, que ambicionaba facerse con Cuba, polo que comezaron a criticar a España a través da súa prensa, ameazando con intervir militarmente. Só faltaba unha chispa, e foi a explosión do seu barco **acorazado Maine** no porto da Habana, unha explosión (accidental) que fixo que de inmediato culparan a España, declarando a guerra. Pero a superioridade militar de EEUU era abrumadora e en só 4 meses empezouse a negociar a paz. Así, en decembro de 1898, asinábase o **Tratado de París**, no que España:

- recoñecía a **independencia de Cuba** (se ben a illa quedou baixo control estadounidense);
- e entregaba Porto Rico, Filipinas e Guam a EEUU a cambio de 20 millóns de dólares. Este foi o punto final ao histórico imperio español de ultramar, pero sobre todo foi un “**shock**” moral e o inicio dunha profunda crise social e política, caendo todo o país nun sentimento de frustración e de pesimismo, algo que se apreza moi ben na obra dos escritores da chamada **Xeración do 98**.

Apareceu entón unha heteroxénea corrente ideolóxica, o **REXENERACIONISMO***, que buscaba poñer remedio á decadencia, o atraso, a pobreza e o caciquismo de España, por medio especialmente do fomento da educación, e da que o seu máximo representante foi o intelectual aragonés **Joaquín Costa**, que chegou a propoñer a necesidade dun “**cirurxán de ferro**” que solucionase os males do país.

- A desarticulación do sistema canovista:

A esta **crise do 98**, sumouse o fraccionamento ou división interna dos partidos dinásticos, **Conservador** e **Liberal**, provocado sobre todo pola morte dos seus líderes: **Cánovas** en 1897 (asasinado por un anarquista) e **Sagasta**, de morte natural, en 1903. Ningún dos seus sucesores (**Maura** no Conservador e **Canalejas** no Liberal), lograron liderar claramente os seus partidos, aparecendo pugnas internas neles, nin lograron reformar o sistema para eliminar o seu funcionamento corrupto. De feito seguirían turnándose no poder ata 1917.

Ademais, cada vez había máis poboación ou grupos sociais que rexeitaban estes 2 partidos, é dicir, había unha crecente contestación política ao sistema, especialmente por parte de:

- a) Os **obreiros** das zonas industriais, que apoiaban ao PSOE ou incluso o anarquismo;
- b) As **clases medias urbanas**, que apoiaban o republicanismo (P. Republicano Radical, de Lerroux);
- c) Os **nacionalistas periféricos**, especialmente cataláns, que apoiaban a partidos nacionalistas; e os carlistas, que aspiraban a recuperar integramente os foros, e apoiaban ao P.Carlista.

Outro problema grave foron os **militares**, aos que o **Desastre do 98** deixara en mal lugar, polo que foron illándose e poñéndose cada vez máis á defensiva, incluso cos políticos. Neste contexto foi no que sucederon os chamados “**Feitos do ¡Cu-Cut!**”, que foron o primeiro choque do séc. XX entre os militares e a sociedade española. O ¡Cu-Cut! era unha revista satírica catalanista que en 1905 publicou unha viñeta de humor na que se ironizaba sobre as derrotas do exército español, polo que varios oficiais responderon asaltando e destrozando a redacción desta revista. Esta agresión violenta dos militares contra a liberdade de prensa alarmou á sociedade. O goberno intentou responder con contundencia, impoñéndose aos militares con autoridade, pero o rei **Alfonso XIII** saiu en defensa do exército, e isto provocou a dimisión do presidente, que daquela era o galego **Eugenio Montero Ríos**, do **P.Liberal**. O seu substituto, ademais de non castigar aos militares, elaborou a **Lei de Xurisdicións (1906)**, para que estes puideran xulgar e castigar calquera delito contra a Patria e o Exército. O exército aumentou así o seu poder e influencia na sociedade, que **Cánovas** lograra reducir.

Pero con isto aumentou tamén a temperatura do **conflicto nacionalista en Cataluña**, xurdindo de inmediato **Solidaritat Catalana**, unha coalición de partidos cataláns, que arrasaría nas eleccións xerais seguintes, conseguindo 41 dos 44 escanos! en disputa en Cataluña.

Tamén ao inicio do reinado de **Alfonso XIII**, viviuse un importante **auxe do movemento obreiro**, protagonizado por obreiros, xornaleiros do campo e clases medias urbanas, que pedían cambios mediante numerosas folgas, pero tamén a través de atentados anarquistas (o rei **Alfonso XIII** sufriu un na súa voda, cunha bomba oculta nun ramo de flores). Precisamente nestes anos os anarquistas comezaron a organizarse en sindicatos, nacendo **Solidaridad Obrera (1907)** e a **Confederación Nacional del Trabajo (CNT, 1910)**, que apostaban pola acción directa: folgas, sabotaxes, ocupación de fábricas ou terrorismo, rexeitando pola contra calquera tipo de participación en política.

En **1914** comezou a **1ª Guerra Mundial**, con España declarándose neutral, algo que lle permitiu converterse en subministradora de produtos para os países en guerra, e aumentar así o desenvolvemento industrial e comercial; pero que tamén provocou un aumento dos prezos dos produtos máis necesarios xa que ao exportarse masivamente eran máis difíciles de atopar no mercado español, o que empeorou as condicións de vida das clases medias e baixas, cada vez máis molestas.

Neste contexto, en **1917**, terá lugar a **triple crise**, a máis profunda do sistema da Restauración, ao confluír e estoupar no mesmo ano 3 crises ou conflitos: **militar, social e política**.

A **CRISE MILITAR** comezou un pouco antes, no outono de 1916, en Barcelona, cando oficiais de medio e baixo grao decidiron crear **XUNTAS DE DEFENSA** militares, para asociarse e reclamar a suba dos seus salarios ou que os ascensos se deran por antigüidade. Ao principio o goberno intentou ilegalizalas, pero unha vez máis o poder civil cedeu ante o militar, logrando estes que se atenderan as súas peticións (salarios e ascensos), que se controlaran as críticas na prensa ou incluso poder nomear aos ministros de Guerra. Pero o exército seguiu arrastrando outros vellos problemas como o mal equipamento, e xurdiron 2 bandos no exército: os **peninsulares** (que pedían os ascensos por antigüidade) e os **africanistas** (que pedían os ascensos por méritos de guerra)... entre os que estaba xa Franco.

A **CRISE SOCIAL** comezou debido ao incremento dos prezos nos alimentos pola **IGM**, o que aumentou o malestar, derivando en múltiples protestas e folgas: -en dec.1916, os sindicatos **UGT** e **CNT** convocaron unha folga xeral de 24h; -e en ago.1917, foron **UGT** e o **PSOE** os que convocaron unha folga xeral revolucionaria con 2 obxectivos + fortes: derrocar o Goberno e convocar eleccións a Cortes Constituíntes para tratar nesas novas Cortes os problemas fundamentais e crear unha nova Constitución. Esta folga do 13 de agosto 1917 mobilizou moito aos obreiros das zonas industriais, pero o Goberno, axudado polo exército e os empresarios, respondeu cunha represión feroz: con cadea perpetua

para os convocantes da folga (líderes do PSOE e UGT), imposición da lei marcial en todo o país (o exército tomou o control das rúas) e disolvendo violentamente as manifestacións (con armas, mortes, detencións masivas). Conseguiu así que os obreiros abandonaran a folga e volveran ao traballo... Aínda que a violencia entre obreiros e patróns será unha constante nestes anos.

A **CRISE POLÍTICA** xurdiu precisamente da débil actuación do Goberno na crise militar. Foi neste clima no que **Francesc Cambó**, líder do partido catalanista **Lliga Regionalista**, aproveitou para presionar tamén ao Goberno, pedindo a autonomía para Cataluña. Ante o non do Goberno, **Cambó** convocou a unha reunión aos parlamentarios cataláns en Barcelona, esixindo ao Goberno a inmediata reunión das Cortes para debater a autonomía; como o Goberno fixo caso omiso, convocou unha **assemblea de parlamentarios extraordinaria**, en Barcelona, o 19 de xullo, á que estaban chamados a reunirse todos os parlamentarios do país; pero debido á reacción do Goberno, que a acusou de ilegal e separatista, e aos propios desacordos entre eles (temorosos algúns dunha rev.social) acabou en nada, cos catalanistas da **Lliga Regionalista** optando por buscar un acordo co Goberno.

En resume, en 1917, unha parte do exército, dos parlamentarios e da clase obreira, levantáronse case ao mesmo tempo pero por separado, contra o sistema, que non conseguiron derrocar debido a que non compartían intereses e obxectivos. Paralelamente, os gobernos cada vez duraban menos e eran máis difíciles de formar, debido á tensión entre os líderes e á división interna de ambos partidos dinásticos. Ante esta grave situación, o rei propuxo formar “**gobernos de concentración**”, que estarían compostos non por un partido (como era costume no turnismo) senón por varios: con representantes dos partidos **Liberal**, **Conservador** e os catalanistas de **Lliga Regionalista**. (que accederon porque, como bos burgueses, preferían orde nas rúas antes que catalanismo). Tampouco funcionaron... pero o sistema turnista de **Cánovas** comezaba así a desaparecer.

Finalmente sumouse o problema da **cuestión marroquí ou guerra de Marrocos**. España intentaba compensar a perda de Cuba e Filipinas, ocupando o norte de Marrocos, onde xa posuía desde había séculos as cidades de Ceuta e Melilla. En 1906, na **Conferencia de Algeciras**, España e Francia repartíronse o territorio de Marrocos, correspondendo a España a zona norte: montañosa, árida e habitada por tribos rifeñas (das montañas **Rif**). Para facer efectivo o seu dominio, España comezou a enviar tropas para avanzar cara o interior, ata que en 1909, os rifeños atacaron a un grupo de obreiros dunha empresa mineira española. Ao enterarse, vendo ameazada a súa imaxe

internacional, o goberno de **Maura** ordenou mobilizar aos reservistas para envialos como tropas á zona. Pero a maioría eran obreiros e pais de familia que non podían permitirse deixar o seu traballo, nin tampouco pagar a redención de quintas (pago de 6.000 reais para quedar exento), e isto provocou unha **folga xeral** e unha revolta popular en Barcelona contra a guerra. A folga foi un éxito e as protestas antimilitares e anticlericais foron subindo de tono, con barricadas nas rúas, queima de igrexas e conventos (polo apoio da Igrexa aos poderosos), e cos folguistas apoderándose das rúas de Barcelona durante toda unha semana. O goberno de **Maura** respondeu enviando reforzos militares ata controlar a situación e ordeou unha durísima represión, con detencións, desterros e execucións inxustas. Esta represión desatou numerosas manifestacións de protesta en cidades de todo o mundo!, e acabou coa dimisión de **Maura** ante o escándalo mundial desta **SEMANA TRÁXICA***, e cun aumento da contestación social en Cataluña, destacando o nacemento alí, só un ano despois (1910) do sindicato anarquista **CNT**.

Mentres, en **Marrocos**, España avanzaba con dificultade, con derrotas como a de **Barranco do Lobo**, debido á resistencia dos rifeños, dirixidos polo caudillo local **Abd-el-Krim**. Para solucionalo, o Goberno aumentou a inversión e creou dous novos corpos de elite do exército: -a **Lexión**, un corpo de soldados profesionais, fundado en 1920 polo ferrolán **Millán Astray**; -e os **Regulares**, un corpo formado por españois, pero tamén por indíxenas marroquís. Pero en 1921, tivo lugar o impactante **DESASTRE DE ANNUAL***: buscando unha vitoria definitiva en Marrocos, e animado irresponsablemente polo rei **Alfonso XIII**, o xeneral **Silvestre** arriscou en exceso, penetrando nas montañas do **Rif** sen asegurar a retagarda. As tribus rifeñas de **Abd-el-Krim** sorprendéronos en **Annual**, asasinando a uns 10.000 soldados; o resto retrocederon en estampida cara Melilla, cos rifeños perseguíndoos brutalmente. Aos poucos días, chegaron incluso a proclamar a **República independente do Rif!** Este **Desastre de Annual**, como o chamou a prensa, causou terror na opinión pública e aumentou aínda máis a impopularidade do exército e da guerra de Marrocos. Ademais, ante a gravidade do sucedido e para depurar responsabilidades, encargouse unha investigación ao xeneral **Picasso**, o **Expediente Picasso**", dous mil folios nos que se denunciaban múltiples erros militares e corrupción no exército, e que estendeu rapidamente a idea da culpabilidade do rei. Cando se ía ler o informe no Parlamento, con votación posterior para sinalar aos responsables, o capitán xeneral de Cataluña, **Miguel Primo de Rivera**, para evitar o trance ao rei, deu un golpe de Estado, dissolveu o parlamento e proclamou o inicio dunha ditadura militar, co apoio do exército e da burguesía catalana, e co visto bo do rei **Alfonso XIII**. Pasouse así do sistema turnista e corrupto da Restauración a unha ditadura militar.